



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ENTIDADE SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A. PARA A ORGANIZACIÓN DA PRESTACIÓN FARMACÉUTICA NO CENTRO SOCIOSANITARIO RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa entidade Sar Residencial y Asistencial, S.A. o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia de 4 anos, a contar desde o día seguinte ao da súa sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que a prestación farmacéutica as persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde residentes no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE, xestionado por SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A., se realice de xeito eficaz, eficiente, integrado e coordinado cos outros niveis asistenciais, tendo en conta o establecido na Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde é responsable da xestión das prestacións farmacéuticas e a atención farmacéutica aos seus usuarios, de conformidade co disposto no artigo 94 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e no artigo 2 da Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.

A entidade SAR RESIDENCIAL Y ASISTENCIAL S.A. conforme ao disposto no artigo 4 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, é unha entidade prestadora de servizos sociais, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número de rexistro E-6026 e responsable da xestión do centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE que conta con máis de 100 camas en réxime de asistidos.

Segundo o artigo 57 da Lei 3/2019, do 2 de xullo, será obrigatorio o establecemento dun servizo de farmacia propio nos centros sociosanitarios con 100 ou máis camas en réxime de asistidos/as.





Non obstante o anterior, este precepto posibilita que a consellería competente en materia de prestación farmacéutica estableza acordos ou convenios con estes centros, eximíndolles da dita esixencia, sempre e cando dispoñan dun depósito de medicamentos e produtos sanitarios vinculado ao servizo de farmacia do hospital de rede pública que sexa o de referencia na área sanitaria correspondente.

Desde o ano 1998, a través de convenios de colaboración subscritos entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as entidades responsables da xestión dos centros sociosanitarios, desenvolveuse o Programa de atención farmacéutica co fin de garantir unha mellora na xestión da prestación farmacéutica, tanto desde o punto de vista da seguridade no manexo dos produtos farmacéuticos, como no da racionalización do seu gasto.

Así, moitos dos centros sociosanitarios e os hospitais de referencia da área sanitaria na que se atopan veñen colaborando co fin de garantir a cobertura das necesidades farmacoterapéuticas das persoas residentes neses centros, de xeito que o hospital de referencia convértese en provedor dos medicamentos e produtos sanitarios financiados que precisen as ditas persoas.

Nos centros nos que aínda non está implantado o Programa de atención farmacéutica, as persoas usuarias obteñen os recursos terapéuticos que forman parte da prestación farmacéutica a través da súa prescrición e receita médica oficial e posterior dispensación na oficina de farmacia, sendo financiados polo Servizo Galego de Saúde.

As principais características do Programa de atención farmacéutica son polo tanto a cobertura farmacoterapéutica por parte do Servizo Galego de Saúde e a subministración dos produtos farmacéuticos polo hospital de referencia, de xeito que a terapéutica do centro se adecúa á Guía Farmacoterapéutica de centros sociosanitarios do Servizo Galego de Saúde, o que propicia unha farmacoterapia integrada, coordinada e con igual custo e calidade que a do hospital.

En consecuencia, o sistema de prestación de atención farmacéutica desde o hospital de referencia ás persoas usuarias dos centros sociosanitarios supón tanto un beneficio asistencial para os/as pacientes, posto que o seguimento da súa farmacoterapia realízase de forma individualizada baixo a responsabilidade dun farmacéutico dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, como unha garantía para acadar unha xestión máis eficiente, segura e de calidade dos recursos farmacoterapéuticos.

Ambas as dúas partes recoñecen a necesidade de asegurar que a calidade da prestación farmacéutica que reciban as persoas usuarias do sistema que residan no centro sociosanitario RESIDENCIA PARA PERSOAS DE MAIORES DOMUSVI MATOGRANDE, sexa equiparable á que recibe calquera outra persoa usuaria do Sistema Sanitario Público Galego, mediante o establecemento de mecanismos que faciliten o acceso a aquelas prestacións, consonte ao establecido no *Real decreto lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos*





e *produtos sanitarios*, e proporcionen unha mellora da calidade da atención prestada aos usuarios, acadando a súa atención integral e unha utilización eficiente dos recursos. Sen prexuízo das obrigas legais establecidas, as partes asinantes, consideran de interese establecer mecanismos e canles de colaboración que o posibiliten.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

